

**ESPAÑA.** *"Galicia es una potencia extractiva, sólo superada por Castilla y León".* **Francisco Aréchaga***

# EL SECTOR MINERO DE GALICIA DESDE UNA PERSPECTIVA ECONÓMICA

> La producción anual de la rama de la pizarra se cifra en 75.000 toneladas al año

> La importancia del sector minero radica en que representa el 1,5% del PIB gallego

La minería ha estado presente en Galicia en mayor o menor medida desde la Edad del Bronce. A partir de entonces, se han ido alternando etapas de regresión y de desarrollo, durante las cuales diversas materias primas como el estaño, el hierro o el volframio han sido piezas clave.

Hoy en día, esta actividad es la base sobre la que se asienta el tejido industrial y el desarrollo económico, debido a múltiples factores. Por un lado, la gran mayoría de materias primas que proporciona la minería no se pueden obtener de otro modo, y por otro, los materiales obtenidos a través de la actividad extractiva se han vuelto imprescindibles para los países desarrollados. Así, el sector minero condiciona en gran medida la pervivencia de otros como la manufactura de hormigón o ladrillos, y beneficia de manera indirecta a algunas ramas de la industria como la maquinaria o el transporte.

Desde una perspectiva cuantitativa, la importancia del sector minero gallego radica en que representa alrededor del 1,5% del Producto Interior Bruto (PIB) y se acerca a los mil millones de euros de facturación anual. Además, engloba aproximadamente 450 empresas que ofrecen unos ocho mil puestos de empleo directos, llegando a ser la principal fuente de riqueza en algunas comarcas de la comunidad autónoma.

Dentro del panorama estatal, Galicia es una potencia extractiva ya que se sitúa entre las tres primeras comunidades en valor de produción minera con un 13,9% –igualada por Andalucía y sólo superada por Castilla y León con el 14,4%–.

Tampoco hay que olvidar que ciertas ramas de la minería, como la pizarra y el granito, llevan a cabo una importante actividad exportadora. La elevada calidad natural de estos materiales junto a los años de experiencia, hacen que las rocas ornamentales gallegas sean muy competitivas a nivel internacional y que estén implantadas de manera sólida en los mercados de otros países. Precisamente, la mitad de los tejados de pizarra del mundo están elaborados con pizarra gallega, y en lo referente a granito, Galicia es la sexta potencia mundial y la segunda en Europa.

> Engloba a 450 empresas que ofrecen unos 8.000 puestos de trabajo

Uno de los subsectores con mayor fuerza dentro de la industria extractiva gallega es el granito, con unas 90 empresas que extraen casi 16 millones de m3 de granito al año.

Esto supone prácticamente el 65% del total de extracción en España, y proporciona alrededor de 300 millones de euros anuales, de los cuales un tercio procede de la exportación.

No menos importante es la rama de la pizarra, que cuenta con unas 80 explotaciones. La producción anual se cifra en 750.000 toneladas al año, la mayoría destinadas al extranjero, y se facturan más de doscientos millones de euros.

El subsector áridos también ocupa un puesto relevante, ya que en Galicia existen aproximadamente 120 explotaciones que extraen 25 millones de toneladas anuales –el 5% da produción estatal–, y suponen una facturación de 120 millones de euros. El panorama minero gallego se completa con aquellas empresas que explotan las aguas minerales y termales, tanto para consumo como en balnearios, la cerámica o las rocas industriales.

Todo esto viene a mostrar que la minería en Galicia contribuye en gran medida a su desarrollo, tanto directa como indirectamente. Por este motivo, la industria extractiva tiene que continuar su crecimiento adaptándose a los nuevos requisitos de la sociedad –legislativos, ambientales, de seguridad y calidad–, para que la actividad minera siga existiendo, y de un modo sostenible.

*Presidente de la Cámara Oficial Minera de Galicia



**AMEAZA.** *"O conxunto do sector têxtil está sufrindo os efectos dunha crecente competencia de novos produtores".* **Eva Ben***

# A FORMACIÓN ESPECIALIZADA NO SECTOR TEXTIL

> Atexga ofrece este ano máis de 2.000 horas de formación profesional

O sector têxtil e da confección de Galicia é unha das actividades de mellor posicionamento estratéxico no marco da economía galega. En 2007 creáronse na nosa Comunidade algo máis do 5% de todas as empresas vinculadas ao sector têxtil e da confección creadas en España. Porén, comprender a súa situación actual esixe coñecer o novo marco no que teñen lugar os intercambios têxtiles na actualidade, así como as tendencias da economía globalizada.

O conxunto do sector têxtil e da confección mundial está sufrindo os efectos dunha crecente competencia de novos produtores emerxentes que impulsan actividades têxtiles baseadas nunha favorable estrutura de custos, en especial laborais, e que condicionan o desenvolvemento do sector. Este novo marco leva consigo unha cada día maior demanda de persoal técnico cualificado e polivalente, con capacidade para a xestión da innovación e o desenvolvemento equilibrado da industria têxtil galega. Este constante crecemento da competencia esixe, polo tanto, unha continua formación especializada dos seus profesionais para que estean altamente cualificados, equiparados cos mercados internacionais en produtividade, calidade e eficacia técnica.

Analizadas as necesidades formativas concretas, dende a Asociación Têxtil de Galicia, Atexga, ofrecemos este ano máis de 2.000 horas de formación profesional a traballadores do sector. Como novidade incorporamos un novo seminario de xestión aduaneira no sector têxtil e da confección, no que están a participar máis de 25 responsables e técnicos dos departamentos Import-Export das empresas máis importantes do sector en Galicia.

Con este novidoso seminario, pretendemos dar resposta ás esixencias formativas cada vez máis especializadas neste eido dotando aos traballadores dos coñecementos necesarios para adaptarse ao novo modelo de negocio baseado na globalización das relacións comerciais e para que sexan capaces de determinar a orixe dos produtos têxtiles e aplicar os reximenes aduaneiros máis favorables.

Esta especialización contemplará un percorrido pola normativa legal que afecta ao tráfico internacional de produtos têxtiles facendo a análise de casos prácticos da man de responsables de Aduanas e Impostos Especiais da Axencia Tributaria e Axentes aduaneiros de acreditada experiencia neste eido que se caracteriza polo constante cambio.

Este seminario englóbase dentro do Plan Formativo que desenvolve Atexga ao longo de 2008 dirixido aos profesionais do sector da Comunidade e que consiste nun amplo programa de máis de 2.000 horas lectivas, un 32,50% máis que o ano anterior, e que está financiado pola Consellería de Traballo da Xunta e o Fondo Social Europeo.

Este incremento da oferta formativa obedece a que apreciamos unha gran necesidade de contar con recursos humanos altamente competitivos e ofrecer unha formación especializada no eido da industria têxtil coa finalidade de consolidar a fortaleza do sector e a súa importancia estratéxica para Galicia.

Deste xeito, Atexga impartirá un total de 23 accións formativas ao longo deste ano 2008, contempladas no novo Plan de Formación. Destacan os seminarios de alto grao de especialización en materias têxtiles como por exemplo os seminarios sobre a xestión de produción têxtil, a nova normativa contable para o exercicio 2008, tendencias de moda, ou programación de xénero de punto.

Á hora de configurar estas accións formativas tivemos en conta os diferentes perfís profesionais existentes nas empresas do sector, e as posibles limitacións dos traballadores, xeográficas e de tempo, polo que ofrecemos 18 accións formativas presenciais e 5 en modalidade e-learning; estas últimas contarán co apoio on-line dun titor persoal.

Asemade, o 25% das prazas presentadas poderanse cubrir por traballadores desempregados. Deste xeito a diversidade das modalidades de impartición permiten o acceso á formación a un maior número de profesionais do têxtil. En total, Atexga impartirá un total de 2020 horas lectivas, 1206 horas en cursos presenciais e 814 en formación a distancia contemplando dende idiomas ata formación en novas tecnoloxías.

*Xerente da Asociación Têxtil de Galicia